



A DÉCIMA EDICIÓN DO FESTIVAL ATLÁNTICA PROGRAMA EN SANTIAGO MÁIS DE TRINTA ESPECTÁCULOS

- Entre o 30 de xuño e o 9 de xullo, Santiago será o epicentro da actividade do festival con 31 espectáculos
- Actuarán narradores de Colombia, Brasil, Arxentina, Portugal, Guipúscoa, Valencia e Galicia
- Volven os itinerarios narrados e a música, aumentan as sesións con interpretación en lingua de signos incorpóranse os contos improvisados

Santiago, 24 de xuño do 2022.- A décima edición do Festival Atlántica vai encher de contos Santiago de Compostela entre o **30 de xuño e o 9 de xullo**. Os picheiros poderán gozar dun total de **31 espectáculos** dos 94 que compoñen a totalidade do programa. Esta intensa actividade na cidade é posible grazas ao financiamento da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña e mais a colaboración do Concello de Santiago.

A cidade vai acoller estes días as historias de artistas internacionais como Carolina Rueda (Colombia), Vitoria Siedlecki (Arxentina), Claudia Fonseca (Brasil), Vítor Fernandes (Portugal) ou Estefânia Surreira (Portugal). Non faltarán voces doutras rexións como as de Virginia Imaz (Guipúscoa) e Félix Albo (Valencia) e, por suposto, os contadores do país: Quico Cadaval, Celso Fernández Sanmartín, Paula Carballeira, Santi Prego, María da Pontragha, Dani Blanco, Cris Collazo, Anxo Moure, Atenea García, Charo Pita, Sole Felloza, Santi Prego e Jorge de Arcos.

A **inauguración oficial** do Festival Atlántica vai ser o xoves, 30 de xuño, cunha función dobre de dous grandes da narración oral galega, **Paula Carballeira e Quico Cadaval**, no parque de Bonaval. Esta fórmula de duetos vaise repetir noutras xornadas do festival, combinando artistas de diferentes procedencias que compartirán co público as súas historias e xeitos de contar.

Haberá funcións ao longo do día, desde a mañá ata a noite, e concibidas para todo tipo de público. Así, por exemplo, o parque de Bonaval será a sede do **'Espazo bebés'** e tamén está previsto un **'Espazo familias'** que rotará por diversos puntos de Santiago e que chegará ás outras sedes do festival.

Ademais, este ano amplíase ata **cinco** o número de funcións con **interpretación en lingua de signos** e alén diso, por primeira vez, vai actuar no festival un **contador non vidente**. Será o vindeiro 9 de xullo na fortaleza da Rocha Forte onde **Francisco de Romualdo**, acompañado da zanfona, clausurará Atlántica cun espectáculo que recupera os cantares de cego de antano. Nesa velada o público tamén poderá gozar doutra das novidades desta edición: **contos improvisados** da man de **Santi Prego e Jorge de Arcos**.

Pero antes da clausura haberá tempo para unha das citas clásicas, os **itinerarios narrados**, que xa esgotaron as súas prazas ao pouco de ser anunciados. Este ano haberá dúas actividades con

Carme Varela, autora da premiada obra 'As desterradas', e unha coa arqueóloga **Rebeca Blanco**. A maiores, está programada unha **visita guiada** pola exposición 'Santiago de Compostela no tempo' co seu comisario, **Manuel Gago**, que tamén colgou o letreiro de 'convites esgotados'.

A **música** non podía faltar á festa dos dez anos de Atlántica. Así, este ano vaise retomar a colaboración coa Banda Municipal de Música de Santiago nunha 'Romaría' moi especial na que participa **Celso Fernández Sanmartín**, pero tamén regresará a 'Gaitazumba' de **Luis Prego** e a música e os contos de das catro estacións de Vivaldi grazas a **ConcertArt** e **Sole Felloza**.

O festival repite este ano a colaboración coa **MICE do Museo do Pobo Galego** e proxectará a **curta documental 'Verbas no ar'** de Paco Paz e Ernesto Muleiro ademais de organizar un coloquio onde participarán Anxo Moure, Celso F. Sanmartín e un dos codirectores do audiovisual. Ademais, este ano tampouco faltará a colaboración con **ASANOG** (Asociación de Ayuda a Niños Oncológicos de Galicia) que levará os contos de **Felloza** e **Charo Pita** ata os nenos da Aula de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS).

Sedes próximas: Teo e Padrón

O concello veciño volve ser sede do festival e celebra así dez anos de travesía conxunta con Atlántica. Entre os espectáculos programado en Teo destacan unha sesión de **contos de medo** con Paula Carballeira e Sofia Maul no cemiterio municipal, concibida para público adolescente e adulto, e unha contada con **Avelino González** na **área recreativa do Xirimbao** para toda a familia.

No caso de Padrón, estréase como nova sede cun dos espectáculos máis singulares desta edición: 'Contando polos dedos', con **Quico Cadaval** e **Chusa Pérez de Vallejo** nos xardíns da Fundación Pública Galega Camilo José Cela en Padrón. Unha oportunidade para gozar da mestría de Cadaval coas historias e a química que establece con Chusa Pérez, especialista en contos narrados en lingua de signos.

Alén de Santiago

Mais Atlántica tamén vai desenvolver actividade noutros lugares espallados polas catro provincias galegas. Deste xeito, nesta edición tamén haberá actuacións nas localidades de Ferrol, Alfoz, Boiro, Cuntis, Dodro, Lalín, Mondoñedo, Mugardos, Pobra do Caramiñal, Ribeira, Outes, Sanxenxo, Ourense, Pazos de Borbén, Vigo, A Estrada, Campo Lameiro, Carnota, Chantada, Paderne e Zas, ademais de Santiago de Compostela, Teo e Padrón. Toda a información sobre os espectáculos e os artistas está dispoñible na web do festival.

Festival Atlántica

Atlántica, Festival Internacional de Narración Oral, naceu no ano 2013 con sede en Santiago de Compostela cunha clara vocación de ser un encontro de voces e historias de perfil atlantista. O seu obxectivo é indagar nas raíces comúns das historias do océano, na procura da identidade cultural común do Atlántico e nas historias que se foron difundindo polos camiños do mar.

+INFO: <http://festivalatlantica.gal>

KIT DE PRENSA FESTIVAL ATLÁNTICA: <https://cutt.ly/Atlantica2022>

CONTACTO: Bea Pérez | 604 070 409 | prensa@festivalatlantica.gal

SANTIAGO*

XOVES 30 DE XUÑO

‘Historias desde o outro lado da raia’ **Dani Blanco** (Galicia)
11 h | CSC das Fontiñas | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego

‘Son no berce’ **Cris Collazo** (Galicia) | ESPAZO BEBÉS
19 h | Parque de Bonaval | 0 a 3 anos | En galego

‘Romaría’ **Celso F. Sanmartín e Banda Municipal de Música de Santiago** (Galicia)
20 h | Praza de Praterías | Adultos | En galego

INAUGURACIÓN X FESTIVAL ATLÁNTICA

‘10 anos do mar de contos’ **Paula Carballeira e Quico Cadaval** (Galicia)
21.30 h | Parque de Bonaval | Adultos | En galego
Cadeiras limitadas. Inscrición previa en festivalatlantica.gal

VENRES 1 DE XULLO

‘Contos de aquí e dacolá’ **Cláudia Fonseca** (Brasil) **Lorena Pinheiro** (Galicia)
19.30 h | CSC de Bando | Infantil e familiar (+3 anos) | Portugués e galego

‘Memorias en pedra’ Ruta narrada por **Rebeca Blanco** (Galicia) **ESGOTADAS**
19 h | Santiago de Compostela | Saída de San Fiz de Solovio | Adultos | En galego
Inscrición previa en festivalatlantica.gal

‘As historias da marquesa’ **Pavís Pavós** (Galicia)
19 h | Parque de Bonaval | Infantil e familiar (+3 anos) | En galego | **Interpretación en lingua de signos**

‘Dois dos montes’ **Vítor Fernandes e Estefânia Surreira** (Portugal)
‘Donas do lugar’ **María da Pontragha** (Galicia)
21.30 h | Parque de Bonaval | Adultos | En galego e portugués

SÁBADO 2 DE XULLO

‘Contos do Cantábrico ao Pacífico’ **Virginia Imaz** (Guipúscoa) e **Carolina Rueda** (Colombia)
12 h | Praza de Cervantes | Infantil e familiar (+5 anos) | En castelán

‘Gaitazumba’ **Luis Prego** (Galicia)
12.45 h | Praza de Cervantes | Infantil e familiar (+4 anos) | En galego

‘Corochas’ **Atenea García** (Galicia) | ESPAZO BEBÉS
19 h | Parque de Bonaval | 0-3 anos | En galego

‘Mitoloxía vasca’ **Virginia Imaz** (Guipúscoa)
‘Contos e sucedidos’ **Carolina Rueda** (Colombia)
21.30 h | Parque de Bonaval | Adultos | En castelán | **Interpretación en lingua de signos**

MÉRCORES 6 DE XULLO

‘Maxia’ **Charo Pita** (Galicia)
17.30 h | Aula de Pediatría do Hospital Clínico | En galego

XOVES 7 DE XULLO

‘Roteiro das desterradas’ **Carme Varela** (Galicia) **ESGOTADAS**
19 h | Saída dende a porta da Igrexa de San Paio de Antealtares | Adultos | En galego |
Inscrición previa na web festivalatlantica.gal

Proxección curta documental 'Verbas no ar' Coloquio con **Ernesto Muleiro**, codirector, **Celso F. Sanmartín e Anxo Moure**

19.30 h | Museo do Pobo Galego | Adultos | En galego

'Pequeno país' **Victoria Siedlecky** (Arxentina)

12.30 h | Carballeira de Conxo | Infantil e familiar (+4 anos) | En castelán

'Historias de boca a boca' **Dani Blanco** (Galicia)

'Yayerías' **Félix Albo** (Mediterráneo)

21.30 h | Carballeira de Conxo | Adultos | En galego e castelán

VENRES 8 DE XULLO

'Pequeno país' **Victoria Siedlecky** (Arxentina)

18 h | Museo do Pobo Galego | Infantil e familiar (+4 anos) | En castelán | **Interpretación en lingua de signos**

'Santiago de Compostela no tempo' Visita guiada por **Manuel Gago**, comisario da exposición **ESGOTADAS**

19 h | Sede Afundación | Adultos | Inscrición previa festivalatlantica.gal

'Relatos eróticos' **Victoria Siedlecky** (Arxentina)

21.30 h | Museo do Pobo Galego | Adultos | En castelán | **Interpretación en lingua de signos**

SÁBADO 9 DE XULLO

'Roteiro das desterradas' **Carme Varela** (Galicia) | **SEGUNDA EDICIÓN ESGOTADAS**

11 h | Saída dende a porta da Igrexa de San Paio de Antealtares | Adultos | En galego | Inscrición previa na web festivalatlantica.gal

'As catro estacións de Vivaldi' Concerto conto de **ConcertArt e Sole Felloza**

12 h | Praza de Cervantes | En galego

CLAUSURA X FESTIVAL ATLÁNTICA

'Paus de cego' **Francisco de Romualdo** (Galicia)

'O teatro máis pequeno do mundo' **Santi Prego e Jorge de Arcos** (Galicia)

21.30 h | Fortaleza da Rocha Forte | Adultos | En galego

TEO*

XOVES 30 DE XUÑO

'Dois dos montes' **Vítor Fernandes e Estefânia Surreira** (Portugal)

21.30 h | Carballeira da Tomada (Calo) | Adultos | En galego e portugués

VENRES 1 DE XULLO

'Contos de arrepío' **Paula Carballeira** (Galicia) e **Sofia Maul** (Portugal)

21 h | Cemiterio Municipal | Adolescentes e adultos | En galego e portugués

VENRES 8 DE XULLO

'Donas do lugar' **María da Pontragra** (Galicia)

21 h | Exteriores da Casa Reitoral de Bamonde, fronte á igrexa | Público familiar | En galego

SÁBADO 9 DE XULLO

'No tempo en que as pontes falaban' **Avelino González** (Galicia)

21 h | Área recreativa do Xirimbao. Nas inmediacións da Ponte Mariola | Público familiar | En galego

PADRÓN*

SÁBADO 1 DE XULLO

'Contando polos dedos' **Chusa Pérez de Vallejo & Quico Cadaval** (Galicia)

21 h | Fundación Pública Galega Camilo José Cela | Adultos | En galego e **lingua de signos**

*Programa suxeito a cambios. En caso de choiva, consultar as modificacións na web e/ou redes sociais